

PREMIO CIENTÍFICO JORGE MIRA PÉREZ

IES XULIÁN MAGARIÑOS
CONCELLO DE NEGREIRA



O Instituto de Educación Secundaria Xulián Magariños, en colaboración co Concello de Negreira, convocou o Premio Científico Jorge Mira, na idea de animar ao achegamento e á curiosidade polo ámbito das Ciencias e de promover os hábitos e valores do estudo e da investigación científica entre o alumnado do Centro, fomentando ao mesmo tempo o cultivo do idioma galego no campo das ciencias experimentais, e nesta ocasión especialmente na área da Física.

O nome deste certame quere homenaxear a persoa e o labor do profesor Jorge Mira Pérez –catedrático de Electromagnetismo na Universidade de Santiago de Compostela–, que ten acadado un recoñecido prestixio na súa especialidade e nos eidos da divulgación científica.

ACTA DE RESOLUCIÓN DO PREMIO CIENTÍFICO JORGE MIRA PÉREZ

Reunido o día 16 de xuño de 2015 ás 12:25 horas, para a resolución do Premio Científico Jorge Mira Pérez, o xurado formado por:

D. Adelino Pose Reino, director do IES Xulián Magariños

D. X. Amancio Liñares Giraut, vicedirector do IES Xulián Magariños, actuando como secretario do xurado.

Dña. Carmen Vales Datorre, representante do Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía.

Dña. Carmen Luaces Pazos, representante do Dpto. de Física e Química.

Dña. Clara Requeijo Bermúdez, representante do Dpto. de Matemáticas.

Dña. Sofía Noya Morlán, representante do Dpto. de Tecnoloxía

ACORDA, tendo en consideración as bases, adoptar as seguintes resolucións:

1. Declarar como gañador o traballo titulado ¿Podemos actuar contra as causas ambientais do enfermarse? ¡Podemos!, co subtítulo Os retos da saúde e da alimentación, presentado por un grupo de alumnado do curso de 2º Bacharelato:

- Dña Noelia Carracedo Ferreiro (2º BACH.-A)
- D. Alejandro Otero Vázquez (2º BACH.-B).
- D. Borja Calvo Rodríguez (2º BACH.B).

Este 1º premio ten unha dotación de 200 € e diploma.

